



## BOLETÍN INFORMATIVO Nº 20 - OUTUBRO - 06

### ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Rúa Miguel de Cervantes nº 47 - 27003 Tfno: 982 284111 Fax: 982 231203

Allariz: Rúa do Portelo, 4 - 32.660 - Ourense Tfno: 988 442 428

Correo Electrónico: [ovica@mundo-r.com](mailto:ovica@mundo-r.com)

Páxina web: [www.ovica.org](http://www.ovica.org)

### INFORMACIÓN TÉCNICA.

#### Transferencias de dereitos de ovino-cabrún

Despois das reformas sufridas nas axudas da PAC os dereitos de ovino-cabrún quedaron divididos ó 50%.

En cada un dos dereitos o 50% continua ligado á produción e o 50% quedou desligado, é dicir, cada dereito queda dividido en dúas partes:

**Dereito de produción:** ligado á produción.

**Dereito de pago único:** desligado da produción.

En breve a Consellería do Medio Rural enviará a cada gandeiro/a unha resolución na que comunicará o número e importe de dereitos de pago único que lle corresponde. Ata que se emita esta resolución os **dereitos de pago único** non se poden transferir nin ceder.

Os **dereitos de produción** pódense transferir ou ceder do mesmo xeito que se fixo sempre cos dereitos de ovino-cabrún.



### CABRAS NO MUNDO:



A cabra como animal de tiro.  
La Habana - Cuba 2005.

### INFORMACIÓN TÉCNICA.

#### Cubrición de outono.

Queremos recordaros que esta é a época axeitada para preparar a cubrición das ovellas para vender os años na época do verán. Canto máis retrasemos a data de cubrición máis retrasaremos os partos na primavera e mellor venta teremos para os años no verán.

Como levamos anos recomendando dende OVICA, a época máis idónea para os partos é primavera, con esto conseguiremos:

- Baixos custos de alimentación das nais (bos pastos).
- Partos nunha época de temperaturas máis suaves.
- Venta dos años/cabritos en épocas de maior demanda e mellor prezo.

Ademais se controlamos as cubricións e os partos poderemos melloraremos outros aspectos do manexo como son:

- As épocas de vacinación e desparasitación.
- Estado do animal (preñada ou valeira) no momento da rapa.
- Adaptar a alimentación ás necesidades do animal.



### RAZAS: Retinta Extremeña.



Orixe: Extremadura

Características: Raza rústica e resistente a condicións adversas. Pastorea na dehesa e pastos de montaña.

Producción: Cárnica. Produce un cabrito de oso fino e bos índices de crecemento, alcanzando os 8-9 kg. en 30-40 días.

Raza con alto grado de perigo de extinción.



# CAIXA RURAL GALEGA

## COMPRA – VENTA

- Véndese rebaño de 79 ovellas con dereitos. (Paradela - Lugo) 982 54 11 79 / 658 41 60 81.
- Véndese rebaño de 60 ovellas-cabrún (Cangas de Foz - Lugo) 609 05 80 11.
- Véndese rebaño 20/30 ovellas (Cervantes - Lugo). 982 16 17 84.
- Véndense añas de recría cruce de raza texel. (A Pastoriza - Lugo). 982 33 01 14.
- Véndese 50 ovellas con dereitos. (Tordoia - A Coruña). 981 69 50 44.
- Ofrécense cans de raza *Pastor Alemán* (Lugo) - 982 28 41 11.
- Véndese 70 ovellas con dereitos (Xinzo de Limia - Ourense) - 659 922 923.
- Cédense 100 dereitos - 607 900 455.
- Véndense 15 ovellas (Chantada) - 645 828 028.
- Véndense cachorros de mastín (A Pastoriza - Lugo) - 678 061 300.
- Cédense 98 dereitos de ovino (Touro - A Coruña) 981 51 74 14 / 981 51 70 84.
- Cómpranse cabras ou cabritas de recría 637 754 137.
- Véndense 98 dereitos de ovino (Touro - A Coruña) 981 51 74 14 / 981 51 70 84.

## FORMACIÓN.

### VII Xornadas Técnicas de ovino - cabrún.

O pasado sábado, 28 de Outubro do 2006 celebráronse no Pazo de Fontefiz (Coles - Ourense) as VII Xornadas Técnicas de ovino e cabrún organizadas por OVICA. No acto inaugural contouse coa presenza dos Delegados provinciais das Consellerías de Medio Rural e Medio Ambiente e D. S.

Nestas xornadas abordáronse temas do máximo interese para o centenar de asistentes. Tratouse a problemática do lobo e a súa interacción coa gandería, as razas mellorantes para os cruces cárnicos e a importancia da gandería do ovino-cabrún para o mantemento do medio rural e a prevención dos incendios forestais. Tras o xantar a xornada rematou cunha visita as instalacións do centro de recursos zootenéticos do Pazo de Fontefiz.



## ACTIVIDADES.

### Feira Multisectorial San Froilán 2006 – Mercado Gandeiro e Alimentario.

OVICA participou cun stand e unha exposición de gando ovino en Expo-Lugo 2006. Esta feira foi organizada pola fundación Feiras e Exposicións de Lugo xunto coa Consellería de Innovación e Industria e a Consellería do Medio Rural e tivo lugar entre o 5 e o 8 de outubro, coincidindo coas festas patronais do San Froilán.



## FORMACIÓN.

### Curso en Fonsagrada.

A oficina agraria comarcal de A Fonsagrada (Lugo) organizou un curso de especialización en gandería de ovino-cabrún. As charlas serán impartidas por persoal da consellería de Medio Rural e tamén participarán técnicos/as das cooperativas e asociacións que traballan no sector ovino e cabrún en Galiza (ASOVEGA, OVICA e COVIGA).

O curso comezará a mediados do mes de novembro e nel trataranse diversos aspectos relativos á produción do ovino-cabrún como son: reprodución, sanidade, razas, instalacións, manexo, alimentación, etc. ...  
Para máis información 982 34 01 73.

## SERVIZOS.

### Recollida de animais de desvelle.

Se queres sacar animais de desvelle contacta con OVICA. Necesitamos ter toda a información dos animais que queredes enviar a matadoiro para organizar as rutas de recollida.

## CHEGA O INVERNO.

### Chalecos de OVICA - COVIGA



Ovica e Coviga, coa intención de promocionar a súa imaxe, poñen á venda chalecos bordados cos logotipos de ambas entidades.

Se o desexas podes adquirilos nas tallas M, XL e XXL polo prezo de 23 € + custos de envío.